<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Principais profesións vinculadas ás artes escénicas. - Elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe reflectidas no currículo, as cales levaranse a cabo ao longo das diferentes sesións da materia empregando unha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, comunicativa, inclusiva, colaborativa, constructiva, creativa, motivadora, lúdica e amena, entendendo o xogo coma un proceso de aprendizaxe en si mesmo.

A intervención educativa na área de Música e Danza desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto das áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, considerarase a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de

ensino e aprendizaxe, seleccionando aqueles criterios de avaliación que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

A intervención educativa debe conseguir aprendizaxes significativas partindo dos coñecementos e ideas previas do alumnado; centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara a súa aplicación en contextos e situacións diferentes, procurar que o alumnado aprenda a aprender; debemos proporcionarlles os recursos e medios para que adquiren os coñecementos por eles mesmos; potenciar a autonomía do alumnado; dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización, respectando a forma na que o alumnado percibe a realidade; non esquecer a atención á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente como na selección dos contidos e establecer relacións afectivas.

O papel da mestra será dinamizador, de escoita, apoio e reforzo positivo. Son importantes as interaccións co medio, con outros adultos e cos seus iguais; buscar unha axeitada colaboración coas familias para conseguir eficacia educativa; coidar os espazos, que deben ser funcionais e adecuarse ás necesidades de exploración do alumnado e/ou a outros usos. Adecuar a organización do tempo aos ritmos do alumnado; ofertar variedade de materiais para que poidan desenvolver a súa autonomía e interioricen actitudes de coidado, orde e responsabilidade. As propostas a desenvolver serán variadas, diversas e motivadoras para o alumnado, respectarán os seus ritmos individuais e atenderán á diversidade, dando oportunidades a todas/os por igual, sexan cales sexan as súas características.

Os métodos e estilos de ensino empregados estarán condicionados polo traballo ao longo do curso, así non podemos falar dun estilo ou técnica única ao longo do curso, e sí que trataremos de seleccionar aquel método máis adecuado en función do tipo de contido, obxectivos, alumnado, momento do curso, etc. A pesar disto, prevalecerán os métodos de ensino mediante a busca, onde o alumnado realice unha labor activa para adquirir o coñecemento, así o descubrimento guiado e a resolución de problemas serán dous estilos de ensino claves no noso traballo diario.

Metodoloxía específica:

Emprégase a metodoloxía de Willems que a usaremos no desenvolvemento auditivo, o emprego de materiais e obxectos sonoros diversos e as cancións. A metodoloxía Orff na práctica instrumental coa orquestra Orff, a prosodia rítmica para o aprendizaxe dos ritmos, a improvisación en pentafonía e en pregunta-resposta, e a execución de danzas populares. A metodoloxía Wuytack, utilízanse na aula musicogramas, para un mellor seguimento da audición musical sendo sempre unha audición activa. O método Kodály usarase ao empregar a música popular no aprendizaxe, a fononimia e as sílabas rítmicas preconcebidas. A eurtimia de Dalcroze está presente a través da realización de exercicios de ritmo e movemento.

O emprego de didácticas específicas da ensinanza da música e do movemento axudan a potenciar ao alumnado as diferentes habilidades de percepción, análise, creación e expresión musicais e do movemento. Estas metodoloxías empregaranse dun xeiro ecléctico co fin de adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa que están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4 é transversal, viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

Esta rutina adicará ao inicio das sesións, alomenos uns minutos (entre 5 e 10) a traballar o seguinte en función da actividade que se desenvolva durante a sesión:

- consciencia e colocación da postura corporal
- respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto
- entoación de notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia
- imitación de fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpo e/ou coa voz

Organización do grupo:

A aula está deseñada cun espazo libre e amplo onde se desenvolverán todas as actividades.

Plantexarase a organización do espazo en función da actividade proposta realizando distintos tipos de agrupamentos:

- gran grupo: para as actividades organizadas para todo o alumnado do centro, por nivel, por ciclo
- grupo-clase: cando realizamos actividades no grupo-clase que permite que o alumnado escoite e sexa escoitado, realizando actividades colaborativas e coa finalidade de realizar de maneira conxunta un produto final.
- pequeno grupo: por parellas, tríos, de catro ou cinco membros, indicado para a realización de traballos de procura de información, aclaración de conceptos dados previamente... nestas actividades o alumnado aprende dos demais, imitan, colaboran, axúdanse... e desenvolven as súas capacidades xunto aos seus iguais, actitudes cooperativas, autonomía e responsabilidade.
- individuais: para que o alumnado sexa quen de concentrarse, de buscar recursos para a realización das súas tarefas e fomenten deste modo a súa iniciativa e autonomía persoal.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregarase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia na Aula Virtual do centro. Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador con diferentes aplicacións e programas de software libre: reproductor de audio e vídeo, editor de partituras, gravación...
Proxector
Altosfalantes
Páxina web do centro: Aula Virtual/sección Aula de Música e Danza 4ºEP
Instrumentos variados de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD).
Baquetas variadas
Encerado branco e pautado por detrás con soporte
Encerado branco magnético
Pentagrama imantado con figuras e silencios
Frauta doce
Frautas de émbolo
Xogos de campás escala diatónica
Guitarra española
Xogos de Boomwhackers diatónico e cromático
Palillos rítmicos
Atrís

Aros de cores
Pelotas
Vasos de percusión
Dado rítmico
Piano de chan
Biombo de madeira de tres paneis
Libros e CDs de música
Bancos
Colchonetas individuais
Material musical manipulativo

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A sección desta materia na páxina web do centro, na Aula Virtual servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

Na aula hai un estante para que o alumado poida deixar a súa carpeta.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida e un pequeno cuestionario de afección e intereses. Destacar o coñecemento do alumnado por parte da mestra especialista posto que foi a súa mestra durante o curso anterior.

De especial interese é a información ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial cunha delas dado que continúan no equipo docente do centro e mediante a acta da Xunta de Avaliación do 3º trimestre do curso anterior.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 2 ou 3 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular, así como adaptar o repertorio a traballar aos gustos e interese do alumnado resultando máis motivador a interpretación das diferentes producións musicais e escénicas.

Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior

- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita serie de probas consistirán dunha execución guiada dunha selección específica de xogos, exercicios, cancións ou fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz. Tamén incúense a comprobación do nivel de dominio con algúns instrumentos PAI e PAD e o coñecemento de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores. A observación directa destes aspectos será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta, unha atención máis individualizada ou actividades de enriquecemento); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	20	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Todos os CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, a través da observación sistemática e análise das producións do alumnado.

Os criterios de cualificación para cada UD son:

- O 100% da cualificación corresponderá ao grao de consecución dos CA.
- Non se aplicarán probas escritas.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trimestre: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trimestre: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trimestre: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trimestre: 25%
- 2º trimestre: 35%
- 3º trimestre: 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, sexa un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ao final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. De ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto. Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa polas

características desta materia no que á avaliación continúa se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade tratan de dar resposta á diversidade do alumnado a través da planificación dun proceso de ensino e aprendizaxe o máis individualizado posible.

O ritmo de aprendizaxe do alumnado non sempre é o mesmo polo que organizáranse actividades a distinto nivel dando resposta así a unha atención o máis individualizada posible:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo máis lento e/ou baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Axustaremos a intervención educativa ás diferenzas que presente o alumnado en relación ás súas capacidades, necesidades, intereses, ritmo de aprendizaxe, motivacións, situación social...no desenvolvemento diario das sesións de traballo.

O carácter práctico e de grupo das clases de Música e Danza garante que cada alumno vaia desenvolvendo as súas habilidades e capacidades seguindo o seu propio ritmo de aprendizaxe. Ademais, as actividades propostas irán en orde crecente de dificultade, de xeito que cada alumna/o poida acadar o seu propio nivel de realización e permitirán a introdución de modificacións para seren adaptadas á diversidade do alumnado. En calquera caso, prestarase unha atención individualizada a aquel alumnado que presente maiores dificultades.

Cando haxa dificultades, realizaranse as adaptacións metodolóxicas oportunas: traballarase en pequenos grupos, fomentando o traballo cooperativo; facilitarase material complementario para traballar na aula e adaptárase o traballo a realizar ao nivel do alumnado; adaptáranse as actividades pondo énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén faranse adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican contidos e mostrando a forma máis sinxela de desenvolver as actividades. No caso de alumnado con altas capacidades procederese a un enriquecemento curricular ampliando os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe dando resposta a unha atención individualizada.

Para alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste alumnado co resto da clase.

En caso de ser preciso pola casuística do alumnado realizaranse as adaptacións de acceso ao currículo oportunas, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; adaptación do mobiliario ou mobiliario especial segundo as necesidades; recursos humanos no caso de necesitar apoio dentro da aula; axudas técnicas e ferramentas que permiten ou faciliten a realización das actividades coma apps de produción musical, ordenador.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o

anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X		
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais numerados 1-5 e 8 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades desenvolvidas.

O elemento transversal 6 traballarase en todas as UD, pero de xeito especial, a través da conmemoración do Día escolar da non Violencia e da Paz.

O elemento transversal 7 traballarase ao abeiro do Bloque 2 no 2º trimestre a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Nadal	Actuacións de todo o alumnado do centro con coreografías e/ou interpretacións escénicas do alumnado no comedor.	X		
Concerto didáctico	Concerto didáctico no centro a cargo dunha Agrupación Musical da contorna no que presentarán diferentes instrumentos da banda.	X		
Obra de Teatro	Asistencia do alumnado a unha obra de teatro.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico de agrupación tradicional galega	Concerto no centro a cargo dunha agrupación de música ou danza tradicional galega da contorna.			X
Festival de Fin de Curso	Actuacións de todo o alumnado do centro con coreografías e/ou interpretacións escénicas do alumnado na pista do colexio e aberto ao público. Este curso as actuacións estarán relacionadas co Proxecto Anual do Centro "Percorrendo Galicia"			X

Observacións:

Dende a materia de Música e Danza colaborarase estreitamente co profesorado titor de cada grupo na preparación das actuacións dos festivais de Nadal e Fin de Curso, este último con actuacións relacionadas co Proxecto Anual do Centro "Percorrendo Galicia".

As actividades complementarias poderán ser ampliadas en función doutras propostas que poidan xurdir ao longo do curso por parte de diferentes entidades ou modificadas de data en función da dispoñibilidade quedando reflectidas na memoria final os cambios realizados.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida
Usáronse distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD
As actividades foron acordes ao nivel de desenvolvemento do alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización xeral da aula e aproveitamento dos recursos
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas
Clima de traballo na aula
Clima de traballo da aula
Nivel de motivación do alumnado
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor
Coordinación co equipo docente de nivel
Outros
Máis do 90% do alumnado superou a materia

Descrición:

Farase o seguimento de cada UD ao rematar cada unha delas e o seguimento anualda PD para a comprobación dos indicadores de logro no apartado correspondente de PROENS. Tamén inclúiranse, se fora preciso, observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado, clima de traballo da aula e nivel de motivación do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

Neste centro a comunicación da información do alumnado ao profesorado titor é a través do espazo de titorías en Abalar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación das dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. Así mesmo na memoria final da materia inclúiranse as posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados